

ESCOLA DA VIDA

Ética, familia e conCiencia

21.03.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Todos os pais e nais dixemos algunha vez aquilo de que por un fillo se fai ou se vai a onde faga falta. Un fillo ou unha filla é o máis grande que lle pode acontecer a un ser humano. É un proxecto de vida, alguén a quen darse e de quen se espera, tamén, unha entrega constante. Pois ben, como dicía don Hilarión na Verbena de la Paloma: a ciencia avanza que é unha barbaridade. Aínda que non sempre para todos igual. Para uns, os que teñen un problema ao que lle poden poñer remedio, a ciencia é unha bendición de Deus. Para outros, os que filosofan sobre a ciencia, esta usurpa moitas veces os poderes de Deus.

Para uns, os pais, que concibiron un fillo cunhas determinadas eivas que só poden ser solucionadas traendo outro fillo san, grazas á ciencia, é unha obriga, que como tales, deben cumprir en conciencia. Para outros, esta conciencia estará manchada polo pecado de terse reinterpretado como deuses e non terse soxulgado a providencia divina.

Este aferramento aos tempos pasados en que non existía ciencia coa que solucionar os padecementos humanos parece facerlles negar tódolos progresos nese senso. Con todo, o coñecemento do xenoma abriu as portas a un futuro máis humano para todos, incluídos os que negan que a ciencia explore este novo territorio. Estar máis sans e vivir mellor é algo que todos queremos; evitar o sufrimento coa prevención da doenza ou do accidente ou poñéndolle remedio á enfermidade non se lle pode negar a ninguén. Xa que logo, é ético que unha familia que ten un fillo cunha doenza incurable queira darlle un irmán san, coa axuda da ciencia, e facelo máis feliz.

Dentro duns anos ninguén falará disto como algo controvertido, como ninguén fala de que unha transfusión de sangue, un transplante de médula ou dun órgano calquera sexa algo polo que deba poñérselle unha penitencia a alguén.

A nosa vida é para vivila con plenitude e con conciencia dos demais, da axuda que nos dan e do que lles debemos, canto mellor vivamos, canto máis sans esteamos mellor será a nosa convivencia. Da dor só se obtén padecemento individual e colectivo. Non hai máis que ollar ó noso redor para decatarse diso. Non poñamos, pois, barreiras á curación do corpo, pois, como ben dicía xa o latino Juvenal: "Mens sana in corpore sano".